

Convocatoria de dúas Asembleas Xerais Extraordinarias da Comunidade de Montes en Mán Común de Codesoso-Sobrado dos Monxes.

Ao abeiro do disposto nos artigos 12 e 13 dos Estatutos desta Comunidade de Montes e 14 da Lei de Galicia 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Mán Común e por acordo da Xunta Reitora celebrada hoxe por proposta deste Presidente, **convócoche á Asemblea Xeral Extraordinaria a celebrarmos o sábado 29 de outubro de 2022 ás 09.00 na súa primeira convocatoria e ás 11.30 na súa segunda convocatoria.** A xuntanza celebrarase no Polideportivo de Sobrado dos Monxes.

A **ORDE DO DÍA** é a seguinte:

1.-Lectura e aprobación da acta anterior.

2.- Debate e aprobación, de ser o caso, da proposta da Xunta Reitora de ratificación dos acordos todos da Asemblea Xeral Extraordinaria do 28 de setembro de 2022. A Xunta Reitora, defendendo a legalidade dos devanditos acordos, quere desenvolver este debate dun xeito completo, para que non fiquen dúbidas ningunhas a respecto da legalidade dos acordos que aprobe a Asemblea e os que aprobou a anterior. Os acordos para debatermos e ratificarmos son os seguintes

A) Proposta das contas anuais dos exercicios 2018, 2019, 2020 e 2021 propostas pola Xunta Reitora, aprobadas na Asemblea do 28 de setembro de 2022 (que modificaron as contas do 2020 no sentido de modificálas ampliando os ingresos ás cotas de entrada dos dez comuneiros que ingresaron como executantes da etx 54/2020 do XPI 3 de Betanzos e dos gastos co embargo do XPI 4 de Betanzos -etx 17/2017- instado polo comuneiro Manuel García Quintela).

B). Actualización do censo de veciños-comuneiros.

C) Ratificación da solicitude feita polo Presidente de axuda das publicadas na Orde da Consellería do Medio Rural de 31.12.2020 sobre impulso á gobernanza das comunidades de montes en mán común na súa liña 1, asumindo as obrigas derivadas da concorrencia competitiva á mesma.

D) Autorización ao Presidente para ceder o cobro da axuda ou subvención referida no punto anterior á empresa "CERNA, INGENIERÍA Y ASESORÍA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (en diante CERNA)".

E. Aprobación da proposta da Xunta Reitora de deslinde parcial entre o Monte veciñal de Codesoso e o de Brañas-Toques nos termos tratados o 12.09.2022 por ambos os dous Presidentes coa asistencia técnica da empresa CER

3.- Modificación dos Estatutos da Mancomunidade, por proposta da Xunta Reitora, que se basean en razóns de axeitamento aos mínimos legais para acadar a máxima participación dos comuneiros tendo en conta a nosa realidade demográfica e as dinámicas observadas na nosa contorna territorial:

A. Modifícase o artigo 11 dos Estatutos no senso de suprimir o seu parágrafo 5. Os até de agora parágrafos 6, 7, 8 e 9 fican como cadanseus 5,6,7 e 8.

B.- Modifícase o artigo 13 dos Estatutos no senso de substituír o texto “*con diez días hábiles de antelación como mínimo*” polo texto “*con la anticipación requerida como mínimo para Asambleas Extraordinarias y Ordinarias por la vigente legislación gallega*”

C.- Modifícase o artigo 36 dos Estatutos, até de agora redactado “*Se considerarán aprovechamientos directos y gratuitos los siguientes: -Pastoreo del ganado propiedad de los miembros de la Comunidad, ya sea de forma individual o colectiva. --Esquilmos, leñas caídas, matorral y piedras para uso propio---La caza cuando no sea aprovechamiento pecuniario*” polo seguinte novo texto “**-Pastoreo del ganado propiedad de los miembros de la Comunidad, ya sea de forma individual o colectiva, con sujeción a la normativa de uso que para cada caso establezca la Asamblea General de la Comunidad. --Esquilmos, leñas caídas, matorral y piedras para uso propio---La caza cuando no sea aprovechamiento pecuniario y sin perjuicio del régimen jurídico de los derechos cinegéticos de la Comunidad cedidos a terceros**”.

4.- Informe da empresa CERNA a respecto do trámite na Xunta de Galicia da proposta de Plan de Ordenamento Forestal (P.O.F.) formulada por esta Mancomunidade baixo a súa Dirección Técnica.

5.- Aprobación da acta da Asemblea.

Convocamos, tamén a medio deste escrito, outra asemblea xeral extraordinaria a celebrarmos o sábado 26 de novembro de 2022, ás 09.00 a.m. na súa primeira convocatoria e ás 11.30 a.m. na segunda convocatoria, no mesmo Polideportivo de Sobrado dos Monxes, consonte coa seguinte Orde do Día:

ÚNICO: Elección da Xunta Reitora.

P.S.: A información respecto das propostas da orde do día da Asemblea do 29 de outubro vindeiro poden ser obtidas de xeito inmediato e gratuito a medio de email dirixido ao Despacho xurídico que asesora á Mancomunidade no enderezo electrónico administracion@perezlema.gal.

Vidueiros-Codesoso-Sobrado dos Monxes, 04.10.2022.



Asdo.: MANUEL SÁNCHEZ PANDELO.